

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 28/11/2019 8:30:36
SAIDA 12844/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 146/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada con data do 1 de outubro de 2019, por [REDACTED]
[REDACTED], e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED]
[REDACTED], presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 11 de outubro de 2019, unha reclamación, ao amparo do establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, contra a Resolución do 3 de outubro de 2019, da Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona pola que se lle concede acceso parcial á documentación solicitada.

O reclamante no seu escrito de recurso manifesta que o que solicita é información e documentos públicos que deberían constar na fiscalización e intervención presupuestados na axenda pública da Consellería do Mar, Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona e nas súas webs.

Segundo. Con data do 17 de outubro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de outubro de 2019.

Terceiro. Con data do 31 de outubro de 2019, a Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona contesta a petición remitindo informe, no que en síntese manifesta o seguinte:

Que as Confrarías de Pescadores son corporacións de Dereito Público, con personalidade xurídica pública e capacidade de obrar, cuxa maior finalidade é defender e respectar aos que conviven co sector do mar.

A resolución recorrida admite a solicitude de acceso á acta constitutiva, estatutos e cargos da corporación de dereito público, dado que se trata de materias suxeitas a dereito administrativo de acordo co disposto no artigo 3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as Confrarías de Pescadores de Galicia e as súas federacións, cos límites que impón a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dúas dereitos dixitais.

Polo que se refire ás restantes peticións de información, orzamentos e contas anuais, retribucións dos cargos que ostentan a dirección, considérase que presentan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta Lei ao solicitar información que carece da consideración de información pública de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 19/2013, ao non estar suxeita a dereito administrativo, polo que solicita a desestimación da reclamación presentada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente, a resolución da Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona ditouse con data do 3 de outubro e a reclamación interpúxose o 10 do mesmo mes, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Lei 1/2016, establece no seu artigo 3.C) que as disposicións dese título serán aplicables ás Corporacións de Dereito público no relativo ás súas actividades suxeitas a Dereito Administrativo, polo que as Corporacións de Dereito público, como é o caso da Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona, non se deben considerar, a efectos da dita Lei como Administración Pública, polo que unicamente están obrigadas a proporcionar información pública respecto das súas actividades suxeitas a dereito administrativo.

Por tanto, é necesario delimitar que actividades da Confraría están suxeitas a Dereito Administrativo, e cales a dereito privado, ao obxecto de determinar as obrigas da Confraría en materia de acceso á información pública.

Tal e como estableceu o Tribunal Constitucional, entre outras sentenza 89/1989, as Corporación de Dereito Público teñen unha natureza mixta ou bifronte, xa que son unha figura recoñecida polo Estado, que exerce funcións públicas, polo que a súa actividade non está unicamente dirixida á consecución de fins estritamente privados. Tal e como establece o artigo 1 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, as confrarías son corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector e os seus asociados, polo que poden desenvolver actividades propias de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura. Desenvolven funcións de carácter administrativo, cando actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro, e están suxeitas a dereito administrativo en relación ás cuestións relativas á constitución, funcionamento dos órganos reitores e procesos electorais que se desenvolvan no seu seo, así como os actos de afiliación, creación, disolución e fusión das confrarías.

Deste xeito, pódese soste que unicamente no exercicio das devanditas funcións públicas está suxeitos a dereito administrativo, e unicamente os actos ditados no cumprimento de tales

funcións públicas, son susceptibles de ser impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O artigo 2.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Corporacións de Dereito Público rexeranse pola súa normativa específica no exercicio das funcións públicas que lles foran atribuídas por Lei ou delegadas por unha Administración Pública, e supletoriamente por esta Lei”.

Analizando a solicitude, constátase que unha parte ven referida a información cuxa publicidade está expresamente prevista, con carácter proactivo no artigo 8 da Lei 19/2013, como son as subvencións, orzamentos, contas anuais, retribucións dos cargos e máximos responsables, e outras que non figuran entre a publicidade activa como as actas ou acordos que afecten a terceiros, acordos ou actuacións encargadas a gabinetes xurídicos, informes de financiación, inscrición en rexistros de asociacións, informe de imposto de sociedades e sobre o IVE.

En relación coa información solicitada relativa aos orzamentos, coas súas partidas orzamentarias e información sobre o seu estado de execución así como contas anuais, datas e informes de auditoría e fiscalización, órganos de aprobación, débese ter en conta, como estableceu o Tribunal Supremo, en sentenza do 18 de xullo de 2008, (que se ben refírese especificamente a un Colexio profesional é aplicable a outras corporacións como poden ser as Confrarías), que as Corporacións de Dereito Público son entidades sectoriais de base privada, corporacións públicas pola súa composición e organización que, con todo, realizan unha actividade en gran parte privada, aínda que teñan atribuídas, por lei, ou, delegadas, algunhas funcións públicas (STC 123/87 e STS de 19/12/89), e están constituídas, primordialmente, para a defensa dos intereses privados dos seus membros e queda limitada a súa equiparación ás Administracións públicas de carácter territorial aos solos aspectos organizativos e competenciais nos que se concreta e singulariza a súa dimensión pública.

Pola súa propia natureza, son ámbitos competenciais ou fins privados das Confrarías o orzamento para o seu funcionamento, xa que intégrase pola previsión anual de ingresos e gastos, non sendo fiscalizable pola orde xurisdicional contencioso-administrativa cuxa competencia unicamente podería limitarse a ao control da formación de vontade do órgano da confraría que aproba o orzamento.

As corporacións de dereito público distínguense das Administracións Públicas en que a maior parte da súa actividade non se suxeita ao Dereito Administrativo: os seus empregados non son funcionarios públicos nin as súas finanzas contrólanse pola Intervención da Administración nin polo Tribunal de Contas. O sostemento económico da corporación corresponde aos membros que forman parte dela, sen financiamento propiamente público, salvo o que poida corresponder vía subvenciones, gozando por tanto de autonomía financeira, polo que as súas cotas non constitúen exaccións públicas sometidas ao principio de legalidade tributaria, senón que constitúen obrigas persoais dos seus membros coa Corporación da que forman parte.

Por tanto, non cabe senón concluír que o orzamento e as contas anuais que sobre o mesmo se rendan, non forman parte das materias que deban considerarse como suxeitas a Dereito Administrativo, polo que debe desestimarse a reclamación neste sentido.

Respecto da solicitude de información referente ás retribucións do Patrón Maior e secretario, débese ter en conta que, segundo a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, ás corporacións gozan de autonomía financeira e tendo en conta que as retribucións son un acto de execución orzamentaria, as retribucións percibidas polos máximos responsables non poden entenderse como unha actividade suxeita a Dereito Administrativo, polo que se desestima a reclamación neste punto.

No referente ás actas e acordos que afecten a terceiros, acordos a e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para pleitos, informe xustificativo da financiación e informes sobre acreditación documental do imposto de sociedades e IVE, de acordo cos argumentos expostos anteriormente, ningunha destas cuestións pode ser considerada como actividades suxeitas a dereito administrativo, polo que quedarían excluídas das obrigas da Confraría de Pescadores de proporcionar información.

De acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada, por non desvirtuar a reclamación presentada, os motivos polos que se denega o acceso a parte da información solicitada pola asociación reclamante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 3 de outubro de 2019, da Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona pola que se lle concede acceso parcial á documentación solicitada.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2019.11.27 11:31:32
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia